

PROXECTO
LINGÜÍSTICO
DO
CENTRO

CEIP Isaac Peral

INDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. MARCO LEGAL
3. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO
 - 3.1. INTRODUCCIÓN
 - 3.2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO
 - 3.3. SITUACIÓN DO PROFESORADO
 - 3.4. SITUACIÓN DO ALUMNADO
 - 3.5. AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO
 - 3.6. ÍNDICE GLOBAL
4. LINGUAS DO ENSINO
 - 4.1. EDUCACIÓN INFANTIL
 - 4.2. EDUCACIÓN PRIMARIA
5. OBXECTIVOS XERAIS
6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
7. MEDIDAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS
8. PROFESORADO E ALUMNADO IMPLICADO
9. ACTIVIDADES
10. APROBACIÓN E DIFUSIÓN DO PRESENTE PROXECTO

1. INTRODUCCIÓN

No seu artigo 5 o Estatuto de Autonomía de Galicia define o galego como a lingua propia de Galicia, que son oficiais os idiomas galego e castelán e que todos teñen dereito a coñecelos e usalos.

De todos é sabido que a lingua considérase patrimonio cultural dun pobo e obxecto de respecto e protección, constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

Dende sempre adquirir dúas linguas a un tempo nunca debeu nin debe presentar un problema, senón todo o contrario, é unha riqueza que de xeito favorable influirá posteriormente na adquisición doutras linguas, velaí o caso de estados coma o noso, e outros, onde se falan ata 4 linguas, xa que as aprendizaxes transfírense espontaneamente.

O noso proxecto lingüístico ten como finalidade o desenvolvemento da Lei de Normalización lingüística 3/1983 e máis concretamente do Decreto 79/2010, do 20 de maio, no que se regulan as medidas adoptadas de cara á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, propiciando a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar.

O apartado 3 deste proxecto recolle unha análise sociolingüística do centro, atopándonos cun alumnado castelán falante case na súa totalidade. Partiremos desta realidade para a planificación do noso proxecto lingüístico de centro.

2. MARCO LEGAL

O Proxecto Lingüístico de centro forma parte do P.E.C e é redactado por unha comisión de profesorado designado polo equipo directivo, oída a comisión de coordinación pedagóxica, tendo especial implicación o equipo de normalización e dinamización lingüística.

Atendendo a Lei 3/1983 do 15 de xuño, garántese a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. No seu artigo 14 establécese como obxectivo principal, que ao remate do ensino obrigatorio os alumnos e alumnas dispoñan de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

O Plan Xeral de Normalización de lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, establece como obxectivo xeral conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, considerando ao ensino como sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego.

O decreto 124/2007 do 28 de xuño presentou entre outras a novidade no seu artigo 14, da elaboración do Proxecto Lingüístico de centro, que continúa co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que introduce cambios respecto do anterior decreto.

3. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.


3.1 INTRODUCCIÓN.

O C.E.I.P. Isaac Peral é un colexio público situado no concello de Ferrol, na zona urbana no barrio de Esteiro, que nos últimos anos recibiu un pulo en novas construcións e por tanto en asentamentos de moitas familias novas, con fillos pequenos. Á parte disto temos unha porcentaxe elevada (arredor do 30%) de familias do ámbito militar, moitas delas procedentes doutras comunidades do Estado Español.

Case a totalidade dos alumnos e alumnas chegan ao centro falando castelán, lingua habitual nas súas casas ou polo menos habitual cando se dirixen a eles.

Sabido isto, quixemos afondar no coñecemento da realidade lingüística do centro.

3.2 CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.



Como se pode observar no mapa publicado polo *Centro de Documentación sociolingüística de Galicia* a comarca de Ferrolterra é unha das zonas onde a lingua inicial é maioritariamente o castelán. Isto acentúase canto máis nova é a poboación. O noso centro non é alleo a esta realidade e vese afectado de xeito moi directo por esta situación.

Da enquisa realizada ás familias para saber o nivel de uso da lingua galega despréndese que máis do 80% das familias emprega o castelán cando falan entre eles na casa e unicamente unha porcentaxe moi pequena o fai en galego. Esta porcentaxe vese incrementada cando se dirixen aos nenos e nenas, xa que un 98% dos pais manifesta que cando se dirixen aos seus fillos, fano en castelán e só un 2% o fai en galego.

Falta, por tanto, unha aceptación do seu uso na vida diaria.

3.3 SITUACIÓN DO PROFESORADO.

A maior parte dos docentes do centro empregan o castelán en contextos informais, fóra da clase. É o idioma empregado habitualmente, aínda que moitos teñen como lingua inicial o galego pero a lingua habitual é compartida dependendo dos contextos.

A competencia en galego é case do 100% por parte dos docentes.

3.4. SITUACIÓN DO ALUMNADO.

O alumnado é maioritariamente castelán falante. Teñen o castelán como lingua inicial e como lingua habitual.

Obsérvase que a competencia en lingua galega mellora na escrita ao finalizar a primaria, estando un pouco máis baixo o nivel que o castelán, pero na expresión oral é moito máis baixa.

3.5 AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

O uso do galego na documentación administrativa e nas informacións internas do centro é plena. A comunicación co alumnado, coas familias e con outras institucións faise en galego case ao 100%.

Aínda que dispoñemos dun fondo de libros en galego na biblioteca e en todas as aulas cómpre seguir ampliando este material escrito tanto na Etapa de Infantil como na de Primaria.

Dende hai varios cursos levamos a cabo, dentro do Plan Lector, a hora de ler: durante vinte minutos todos os días practicamos dentro da aula a lectura *en silencio*, e loxicamente, ao haber oferta de libros en galego na aula e na biblioteca, moitas das súas lecturas son en galego.

Na dinamización de Biblioteca lévase a cabo dende hai anos un traballo coa prensa (co xornal escolar Mareiriña) e de biblioteca, consistente en

- recomendación de lecturas en galegos dos distintos temas que se trata
- sesións de contacontos para cada un dos niveis con diversos autores
- sesións de ilustración de libros, cos autores
- exposicións de libros nas diferentes conmemoracións
- obras teatrais en galego e por suposto
- préstamo de libros e actualización na adquisición das últimas publicacións (por exemplo temos unha subscrición a Kalandraka, que nos vai surtindo de todas as novidades que publican)

A utilización nas TICs do galego está arrancando coa páxina web do centro que se está actualizando constantemente e que entre os seus contidos conta con múltiples seccións nas que a lingua aparece como unha ferramenta de traballo para levar a cabo as diferentes actividades que se propoñen.

4. LINGUAS DO ENSINO

Como se deriva da análise sociolingüística, atopámonos nun contorno castelán falante. Tendo en conta o marco legal e o noso punto de partida, fixaremos a lingua de ensino segundo os seguintes criterios:

4.1 Educación infantil.

O decreto 79/2010, no seu Artigo 5º.1 referido á *Educación infantil*, dí:

1. *Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.*

2. *A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/las ou representantes legais do alumnado/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.*

Os resultados da pregunta aos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado de 4º de E. Infantil, para obter información con respecto da lingua materna predominantemente, foron as seguintes:

- Castelán: 42 familias.
- Galego: 5 familias.
- Galego e Castelán: 2 familias.

Dos resultados anteriores establécese como lingua predominante do alumnado de 4º de Infantil o castelán polo que, tal como establece o Decreto de Plurilingüismo, *o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado (no noso caso o castelán), ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.*

Atendendo a este criterio, en todos os cursos, a lingua vehicular en Educación Infantil no noso centro é o castelán.

4.2 Educación primaria.

O decreto 79/2010, no seu Artigo 6º.1, 2 e 3 e 4 referido á *Educación Primaria*, dí:

1. *Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.*

2. *As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.*

3. Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.

4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanas.... Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Xa introducida a LOMCE en toda a primaria modifícase o proxecto lingüístico, adaptándose ao Decreto para o Plurilingüismo. Así, en toda a primaria, impartirase en galego as materias de Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Educación Física e Educación artística.

5. OBXECTIVOS XERAIS

Respondendo a un contorno castelán falante e como pautas para a planificación do noso proxecto lingüístico, centrarémonos en dous obxectivos xerais:

- *Que o alumnado aumente a competencia e uso habitual do galego.*
- *Que acaden unha axeitada competencia en galego ao remate da etapa.*

Para o centro:

- Continuar empregando o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social; correspondencia, boletíns de notas, comunicados, así coma todo tipo de carteis, letreiros, etc.

Para o profesorado:

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego.
- Difundir na comunidade escolar toda a información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos que poidan contribuír a unha mellora na docencia, prestándolle especial atención aos relacionados coas TICs.

Para o alumnado:

- Conseguir que o galego, como lingua que é, sexa aceptada como unha das manifestacións da súa propia cultura.
- Estudar diferentes aspectos da realidade galega, e máis concretamente da zona próxima ao colexio, elementos da paisaxe, riqueza, clima, vexetación, fauna e normas de comportamento que se deben contemplar.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade en ambas dúas linguas, co fin de facilitar e acadar un correcto e eficaz emprego das mesmas.

6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Educación Infantil

- Ir introducindo o galego como lingua vehicular.
- Intentar que os nenos e nenas vaian introducándose nun ambiente galego falante.
- Introducir aos nenos nos contos de tradición oral galegos.
- Ir ampliando ou iniciando o vocabulario en lingua galega.

Educación Primaria

1º e 2º de Primaria

- Expresarse en galego, aínda que sexa con frases curtas.
- Ir introducindo a lecto-escritura en galego.
- Ampliar o vocabulario en lingua galega.
- Coñecer algunhas celebracións tradicionais da nosa cultura

3º e 4º de Primaria

- Ser quen de expresarse en galego cunha certa fluidez.
- Ler en galego con fluidez.
- Ampliar o vocabulario en lingua galega.
- Ser quen de facer unha composición escrita sinxela en galego.
- Aprender a valorar a cultura galega

5º e 6º de Primaria

- Ser quen de manter unha conversa en galego.
- Ler en galego con fluidez.
- Ampliar o vocabulario galego.
- Ser quen de expresarse por escrito con soltura en galego.
- Valorar a cultura galega

7. MEDIDAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS.

- Utilizaranse os textos en galego nas áreas que se impartan nesta lingua.
- En todas as aulas haberá un dicionario de galego, así como varios exemplares na biblioteca e en cada titoría. Tamén en cada titoría haberá un exemplar coas novas normas ortográficas do galego.
- Aumentaranse os volumes de libros en lingua galega na biblioteca do centro e nas distintas bibliotecas de aula.
- Aumentarase o material fonográfico e informático en galego.
- Nas áreas impartidas en galego a lingua vehicular será o galego.
- Todos os comunicados e escritos, tanto oficiais como particulares, estarán en galego.
- En todas as celebracións tradicionais e festivas, a lingua que se utilice será a galega.
- Todas as programacións escolares estarán en galego.
- Editarase a revista escolar “Mareiriña” o último trimestre

8. PROFESORADO E ALUMNADO IMPLICADO

Aínda que o Equipo de Dinamización da Lingua Galega está composto por 5 persoas, que son as encargadas de programar as actividades e de facer un seguimento do cumprimento dos obxectivos programados, a participación do claustro non é plena.

Despois dunha reflexión sobre o uso do galego e a súa normalización consideramos a ter en conta os seguintes obxectivos:

- Fomentar o uso do galego, a nivel profesorado, en todos os actos académicos: Claustros, Consello Escolar, Celebracións...
- Aumentar a competencia do alumnado no uso do galego de forma habitual.
- Adquirir de forma oral e escrita a competencia lingüística propia en cada nivel e etapa nas dúas lingua oficiais de Galicia.

9. ACTIVIDADES

Os obxectivos anteriores estanse a desenvolver mediante as actividades que se describen a continuación:

1. FESTAS TRADICIONAIS

Realizaremos as seguintes:

Magosto e o Samaín, Entroido, Festas de Nadal e Día da Paz

Obxectivo: -Achegamento aos costumes populares de Galicia e da nosa bisbarra.

Destinatarios: Toda a comunidade escolar.

Temporalización: Magosto: En novembro

Festas de Nadal: En decembro

Día da Paz: Arredor do 30 de Xaneiro

Entroido: En febreiro.

O MAGOSTO E O SAMAÍN

Actividades variadas coma:

- Realización dunha U.D.
- Cancións sobre o outono, os froitos desta estación, sobre o Magosto e o Samaín, memorizando algunha.
- Degustación de: froitos típicos do outono, sobremesas típicas de Samaín...
- Exposición de froitos do outono, de cabazas...
- Proxección de videos e películas.

O ENTROIDO

Actividades:

- Unidade didáctica.
- Degustación de sobremesas típicas desta época.
- Desfile de disfraces.
- Queima do "Meco".
- Elaboración de máscaras.

FESTA DO NADAL

Actividades:

- Visita do Apalpador.
- Concurso de postais.
- Audición e canto de panxoliñas.
- Decoración e adornos de Nadal.

DÍA DA PAZ

Actividades:

- Unidade didáctica.
- Manifestos sobre a Paz.
- Xogos pola paz.
- Carreiras solidarias.

2. DÍA DE ROSALÍA

Actividades encamiñadas ao coñecemento da vida e obra da autora.

- Lectura e recitado dos seus poemas.
- Cantigas.
- Actividades propostas pola AELG (Asociación de escritoras e escritores en lingua galega).

3. SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

Actividades encamiñadas a coñecer o autor e a obra do personaxe a que cada ano vai adicado o día das Letras Galegas e a importancia da súa obra para a cultura galega.

- Exposición de murais adicados ao persoeiro coa finalidade de que o alumnado o coñeza.
- Realización dunha U.D. sobre o escritor, adaptada a cada nivel.
- Decoración do centro con algo representativo e significativo do persoeiro.

Actividades para fomentar a cultura e o folclore galego coma:

- Cantigas.
- Visita de artistas e escritores galegos.
- Lectura das familias de textos do persoeiro.
- Disfrute con bailes galegos.
- Xogos tradicionais.
- Asistencia a unha representación teatral de monicreques.
- Coñecemento de instrumentos pertencentes ao folclore galego.
- Elaboración dun **maio**.
- Proxección de películas e vídeos en galego....
- Participación no Correlingua.
- Participación nas actividades propostas pola Coordinadora de Equipas de ferrolterra.

4. EDICIÓN DA REVISTA ESCOLAR “MAREIRIÑA” COA RECOMPILACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS.

Obxectivo: Participación activa de todo o alumnado na elaboración dos textos: novas, artigos, pasatempos, ocupación de momentos de lecer, etc.

Destinatarios: Todo o alumnado do centro.

Temporalización: Todo o curso.

5. RADIO ESCOLAR

No curso 2015-2016 comezamos co noso proxecto da Radio Escolar "RADIO CHALANA". O seu obxectivo principal é o fomento da lingua galega.

6. ENCONTROS CON ILUSTRADORES, AUTORES E CONTACONTOS

Establecer contacto coas editoriais e distintos organismos para poder dispoñer da presenza destes para a semana das Letras Galegas e demais celebracións.

<i>Obxectivos:</i>	Achegar ao alumnado á literatura oral. Dignificar a lingua propia nas comunicacións non cotiás.
<i>Destinatarios:</i>	Alumnado de infantil e primeiro ciclo de primaria.
<i>Temporalización:</i>	Todo o ano, e sobre todo no mes de maio.

7. EMPREGO DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO, FONOGRAFICO, AUDIOVISUAL E INFORMÁTICO.

Coa intención de familiarizar ao alumnado no que atinxe ao fomento do uso da lingua galega, tanto a nivel escrito, como oral e informático.

<i>Obxectivos:</i>	Potenciar a lingua galega con soportes escritos, audiovisuais e informáticos.
<i>Destinatarios:</i>	Todo o alumnado do centro.
<i>Temporalización:</i>	Todo o curso.

8. UTILIZACIÓN DAS TICS

Co emprego de internet, na páxina web do centro e outras páxinas, podemos atopar recursos para facer un uso didáctico deles, aparte de servirles como divertimento e motivación e material de traballo.

Obxectivos

- Emprego de novas tecnoloxías, as TICs, onde os alumnos e alumnas poñan en marcha estratexias de búsqueda, filtraxe, selección e estudo crítico de páxinas web en galego.
- Utilizar as TICs para buscar información e poder elaborar eles mesmos os seus traballos que serán recollidos na web do centro.
- Difundir na nosa web as actividades de fomento da lingua galega realizadas no noso centro para o coñecemento de toda a comunidade educativa.

Destinatarios: Toda a comunidade escolar.

Temporalización: Todo o curso.

10. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DO PRESENTE PROXECTO

Este proxecto forma parte do Proxecto Educativo do Centro (PEC) e foi elaborado durante o curso 2008-2009 e realizando a última actualización en outubro de 2016.

Cada curso realizarase unha addenda cos resultados das enquisas ás familias do alumnado de E Infantil e as modificacións do curso anterior.

Será enviada unha copia por correo electrónico a todo o profesorado e posto a disposición de toda a comunidade educativa na nosa web.